

INFORMEST

Boletín da SGAPEIO. Outubro de 2017. Número especial 25 aniversario

Colaboracións dos presidentes:

Ignacio García Jurado

Manuel A. Presedo Quindimil

Carmen M^a Cadarso Suárez

Antonio Vaamonde Liste

M^a Esther López Vizcaíno

Liña de vida

Asembleas Xerais da SGAPEIO

Imaxe corporativa

Os números da SGAPEIO

Consellos executivos

Agradecementos

Editorial

SILVIA LORENZO E TOMÁS COTOS – VICEPRESIDENTES DA SGAPEIO

XXV ANIVERSARIO DA SGAPEIO

Xa transcorreron vinte e cinco anos dende a fundación da SGAPEIO no mes de outubro de 1992. Ao longo destes anos, a SGAPEIO involucrouse activamente na organización e apoio de moitas iniciativas relacionadas coa promoción da Estatística e a Investigación de Operacións.

Unha das principais actividades que está a levar a cabo dende o ano 1993 é a organización de congresos bianuais, nos que participan profesionais que usan a Estatística e a Investigación de Operacións. Neste mesmo ano, do 26 ao 28 de Outubro celebrábase en Ferrol a súa décimo terceira edición.

Dende o seu nacemento, o principal obxectivo da SGAPEIO é dar a coñecer a Estatística e a Investigación de Operacións en todos os ámbitos da sociedade. Nese senso, e tendo en conta que o sector da ensinanza xoga un papel fundamental na transmisión do coñecemento, a SGAPEIO tivo diferentes convocatorias de concursos. Do 2000 ao 2008 (bi-anualmente) convocáronse premios á Innovación Pedagóxica, e dende o ano 2011, e anualmente, o Concurso *Incubadora de Sondaxes e Experimentos*. Co concurso perséguese que os estudantes de ESO, Bacharelato e Ciclos Formativos de Grao Medio vexan a aplicación da Estatística e a Investigación de Operacións na vida cotiá. Cómpre dicir que varios dos traballos gañadores tamén o foron na fase nacional do concurso. Na V edición nacional celebrada este ano en Oviedo acadáronse os 1º premios nas categorías de 1º-2º e 3º-4º da ESO.

Outra das iniciativas levada a cabo pola sociedade foi a tradución ao galego do libro "*Á Estatística, en caricaturas!*". Este libro estase a utilizar como ferramenta de apoio á docencia en materias de Probabilidade e Estatística no Ensino Medio e na Universidade. No eido da empresa e da Universidade, a SGAPEIO trata de incentivar o uso da Estatística e da Investigación de Operacións coa organización de cursos e xornadas.

Ao longo deste camiño, a sociedade tivo o apoio constante doutras sociedades e institucións. Ademais de colaborar coas tres universidades galegas, ten convenios co Instituto Galego de Estatística e a Fundación Barrié e acordos de reciprocidade con outras sociedades, como a Real Sociedad Matemática Española, a Asociación Galega de Profesores de Educación Matemática e a Sociedad Española de Estadística e Investigación Operativa. Dende o ano 2014, a nosa sociedade tamén colabora coa Sociedade Portuguesa de Estatística para organizar congresos de Biometría e de Estatística no Medio Ambiente e a Ecoloxía.

Por todo isto, cremos que o traballo feito polos socios e colaboradores ao longo destes vinte e cinco anos non foi en balde e mereceu moito a pena. Así mesmo, animámosvos a todos os interesados na Estatística e na Investigación de Operacións a construír o futuro da sociedade.

Dirección:

Paula Raña Míguez

Comunicación coa SGAPEIO:

www.sgapeio.es
secretaria@sgapeio.es
boletin@sgapeio.es
Twitter @sgapeio
LinkedIn Sgapeio

Depósito Legal:

LU-191-1995 - I.S.S.N.:1695-7083

#SGAPEIO

Sociedade Galega para a Promoción da
Estatística e da Investigación de Operacións

Facultade de Matemáticas

Rúa Lope Gómez de Marzoa s/n Campus Vida-
15782 Santiago de Compostela (A Coruña)
<http://www.sgapeio.es/>



Editado por SGAPEIO
Outubro de 2017

Depósito Legal: LU-191-1995 - I.S.S.N.:1695-7083

Dirección:

Paula Raña Míguez

Elaborado polo consello executivo 2013–2017:

M^a Jesús Casado Barrio, Balbina Casas Méndez,
Tomás Cotos Yáñez, M^a José Ginzo Villamayor,
M^a Esther López Vizcaíno, Silvia M^a Lorenzo Freire,
Paula Raña Míguez, Javier Roca Pardiñas,
Soly Santiago Pérez e Rebeca Villaverde López.

Revisión lingüística:

María Miragaya Pereira

Comunicación coa SGAPEIO:

Facultade de Matemáticas, Campus Vida, 15706-Santiago de Compostela, A Coruña.

www.sgapeio.es

secretaria@sgapeio.es

boletin@sgapeio.es

[Twitter @sgapeio](#)

[LinkedIn SGAPEIO](#)

Presidencia 1993–1997: Ignacio García Jurado

A fundación da SGAPEIO

Pódese dicir que a SGAPEIO naceu o 17 de outubro de 1992, porque ese día nos reunimos os trinta e dous socios fundadores na facultade de matemáticas da USC, aprobamos os seus estatutos e eliximos unha comisión xestora para a súa posta en marcha. Con todo, o proceso de xestación da sociedade empezara uns meses antes, non sabería precisar cando.

A finais dos anos oitenta danse certas condicións que son determinantes para o nacemento da SGAPEIO. En primeiro lugar, o desenvolvemento imparable da informática converte a estatística nunha ferramenta indispensable para a análise da realidade en practicamente todos os ámbitos. En segundo lugar, a expansión da universidade española facilita a incorporación de moitos investigadores novos aos departamentos. En terceiro lugar, a especialidade de estatística e investigación operativa na facultade de matemáticas da Universidade de Santiago de Compostela consolídase e atrae a ese campo a un bo número de matemáticos galegos. Todo iso dá lugar a un grupo de novos profesores universitarios, doutores e doutorandos da área de estatística e investigación operativa que, desde as tres universidades galegas, detectan os seguintes problemas en Galicia:

- O ensino universitario e a investigación en estatística e investigación operativa lévase a cabo en áreas de coñecemento moi variadas e pouco relacionadas entre si.
- Non existe ningunha titulación oficial que prepare especificamente a futuros profesionais da estatística.
- A investigación en estatística e investigación operativa está escasamente conectada coa actividade económica e coa estatística oficial.
- A presenza da estatística na educación primaria e secundaria é marxinal.

A identificación destes problemas leva a ese grupo de mozos universitarios a pensar que sería moi procedente crear unha sociedade que promovese a estatística e a investigación operativa en Galicia e que contribuíse a resolver os problemas anteriores. Con este obxectivo pónse en marcha un grupo de traballo formado por Ricardo Cao Abad (UDC), Balbina Casas Méndez (USC), Ignacio García Jurado (USC), Manuel Presedo Quindimil (USC), Alejandro Quintela del Río (UDC) e Margarita Vázquez Brage (UVIGO) que empeza a traballar nas seguintes tarefas:

1. Redactar uns estatutos para a nova sociedade.
2. Presentar o proxecto de sociedade en diversos ámbitos universitarios, educativos e administrativos.
3. Preparar a reunión de constitución da sociedade.

Para redactar os estatutos, o grupo de traballo tomou como punto de partida os estatutos da SEIO (Sociedade de Estatística e Investigación Operativa), aínda que a nova sociedade debería estar máis centrada no profesional, mentres que a SEIO estaba máis centrada no científico, polo que os estatutos que se elaborasen debían ser esencialmente distintos aos da SEIO. Naquel momento, a maioría dos implicados na fundación viamos a nova sociedade como un complemento á SEIO en Galicia que, tendo en conta a estruturación de España en comunidades autónomas, quizais suscitaría a creación doutras sociedades profesionais autonómicas que puidesen acabar integrándose nunha federación de sociedades estatísticas liderada por unha SEIO máis forte. Non viamos factible que a SEIO, centrada naqueles momentos en internacionalizar as súas dúas revistas e en potenciar os seus congresos, puidese traballar localmente para potenciar e promocionar a profesión estatística en cada comunidade autónoma. Como pode deducirse de todo isto, a primeira opción do equipo de traballo para dar nome á incipiente sociedade era SEIOGA, Sociedade de Estatística e Investigación Operativa de Galicia. Por outra banda, en canto o proxecto estivo un pouco perfilado puxémonos en contacto con Daniel Peña, o presidente da SEIO naquel momento. Para a nosa decepción, os responsables da SEIO acolleron con certa desconfianza a creación dunha nova sociedade. Daniel Peña e os seus colaboradores estaban a esforzarse por consolidar e internacionalizar a SEIO e crían que a aparición doutras sociedades estatísticas en España podía ser prexudicial para o fortalecemento da SEIO. O grupo de traballo e os impulsores da nova sociedade tivemos moi en conta estes receos e, en certo modo, axudáronnos a reforzar nos estatutos e nas nosas formulacións o carácter profesional da incipiente asociación. Para remarcar tamén a distancia dos nosos obxectivos cos da SEIO, adoptamos finalmente para a nosa sociedade o nome de Sociedade Galega para a Promoción da Estatística e da Investigación de Operacións. Inicialmente referíámonos a ela como a SGAPEIO. Foi a empresa que se contratou anos máis tarde para desenvolver a imaxe corporativa da sociedade a que nos recomendamos a adopción do acrónimo SGAPEIO que agora usamos.

Coa perspectiva que dá o tempo, agora vemos que a creación da SGAPEIO non deu lugar a un nacemento en fervenza doutras sociedades autonómicas (ata agora só en Cataluña se creou unha sociedade de estatística e foi moi recentemente). Por outra banda, a colaboración entre os investigadores de estatística e investigación operativa de Galicia coa SEIO non se resentiu en absoluto coa creación da SGAPEIO, así a todo, ao contrario, a presenza de galegos nos órganos da SEIO e nas responsabilidades editoriais das súas revistas é, e sempre foi, moi importante. Sobre se a existencia da SGAPEIO influíu no desenvolvemento da profesión en Galicia, habería que facer un estudo rigoroso para dar unha resposta precisa. O que é un feito é que actualmente Galicia é unha comunidade punteira no contexto español no que se refire a investigación, a docencia e a transferencia de coñecemento ao tecido produtivo da estatística e a investigación operativa.

Ademais da SEIO, presentamos o noso proxecto aos departamentos das universidades galegas aos que, no noso coñecemento, se encargaba a docencia de materias con contidos de estatística e investigación operativa,

a algúns matemáticos con responsabilidades no ensino medio, aos delegados do INE en Galicia e aos responsables do Instituto Galego de Estatística (IGE). En relación co IGE é importante sinalar que José Antonio Campo Andión, o seu director naquel momento, nos acolleu con grande interese e favoreceu desde o primeiro instante a cooperación da SGAPEIO coa estatística oficial, en particular co IGE.

Finalmente, unha vez que tivemos uns estatutos acordados cos impulsores iniciais, e que o nacemento da SGAPEIO fose anunciado nos foros correspondentes, convocamos aos trinta e dous fundadores á reunión de creación. Nesa reunión aprobáronse os estatutos e decidiuse que os membros do grupo de traballo se constituísen en comisión xestora, cuxas tarefas serían: realizar os trámites necesarios para legalizar a sociedade, poñer en marcha os procedementos para a admisión de novos socios e convocar as primeiras eleccións ao consello executivo da SGAPEIO. Tales eleccións celebráronse na Coruña, o 27 de novembro de 1993, durante o I Congreso Galego de Estatística e Investigación de Operacións, que se pode considerar como o congreso fundacional da SGAPEIO.

Presidencia 1997–2001: Manuel A. Presedo Quindimil

A Estatística nas universidades galegas

Entre novembro de 1997 e setembro de 2001 tiven a honra de exercer a presidencia da SGAPEIO. Nestes catro anos foron moitos os asuntos que nos tocou xestionar, algúns moi desagradables, como a coincidencia dos atentados do 11S e a inauguración do Congreso da SGAPEIO de Ferrol en setembro de 2001; outros de grato recordo para min, como a tarefa levada a cabo para a publicación do libro *Á Estatística en caricaturas!* ou a posta en marcha do Primeiro Premio SGAPEIO á Innovación Pedagóxica.

Con todo, voume centrar nunha tarefa realizada nese período, á que dedicamos moito esforzo a pesar de non obter os resultados desexados. Refírome ás xestións realizadas a nivel institucional para tratar de conseguir a implantación en Galicia das, naquela época, novas titulacións de Estatística: a Diplomatura en Estatística e a Licenciatura en Ciencias e Técnicas Estatísticas.

Naquel tempo, en Galicia aínda se impartía na Universidade de Santiago de Compostela a desaparecida Especialidade de Estatística e Investigación Operativa, que podían cursar os alumnos de segundo ciclo da, tamén desaparecida, Licenciatura en Matemáticas. Parecía necesaria unha actualización do catálogo de titulacións e a SGAPEIO entendeu que podía exercer un labor de coordinación entre as Universidades galegas e a Xunta de Galicia para tratar de impulsar a implantación das novas titulacións no sistema universitario galego.

Realizáronse xestións con representantes dos equipos de goberno das tres universidades galegas, concertouse unha reunión co Director Xeral de Universidades da Xunta de Galicia, e mesmo se obtivo o apoio do Consello Galego de Estatística a esta solicitude, pero, finalmente, non foi posible que ningunha das titulacións solicitadas se implantase en Galicia.

Botando a vista atrás, tendo en conta a experiencia doutras universidades, é xusto recoñecer que ditas titulacións probablemente non tivesen a demanda suficiente para xustificar a súa implantación.

Desde entón pasaron máis 15 anos e as circunstancias variaron substancialmente: en Galicia non existen titulacións de Grao en Estatística (unicamente contamos cun

Mestrado Interuniversitario en Ciencias e Técnicas Estatísticas). Por non existir, xa nin existe o Departamento de Estatística e Investigación Operativa da Universidade de Santiago onde se forxou a idea da SGAPEIO.

Paradoxalmente, á vez que asistimos a un desmantelamento da Estatística e a I.O. nas nosas universidades, a nova era dixital nótrenos de cada vez maiores cantidades de datos que é necesario analizar, ao mesmo tempo que as posibilidades de almacenamento e de computación melloran día a día de forma imparabile: vivimos na era do *Big Data*.

Aínda que todo o mundo é consciente da necesidade de formar investigadores con amplos coñecementos de Informática e de Análise de Datos (moitos expertos aseguran que é a profesión que terá maior demanda nos próximos anos), en Galicia parece que non nos esteamos decatando, pois, ao contrario que noutras Comunidades como Cataluña, aquí non se están tomando decisións para a implantación do que podería ser un dobre grao de Informática e Estatística e I.O.

Estes días, con motivo da inauguración do novo curso académico, lin que a Xunta de Galicia e as Universidades galegas queren abordar de novo o mapa de titulacións, tratando de actualizar e adecuar o marco actual. Aínda que parece que hai unha aposta decidida por ofertar dobres graos, descoñezo se se considera a implantación dun dobre grao como o que defendo nos plans dos nosos responsables políticos e académicos.

Na miña opinión, é o momento de que a SGAPEIO, co apoio das persoas da área de Estatística e Investigación Operativa de Galicia, inicie unha campaña para promover a adaptación da nosa Comunidade á nova realidade e que se poida ofertar en Galicia unha formación de futuro e de éxito para todos os interesados no que poderíamos chamar Ciencia e Enxeñería de Datos.

Estou convencido de que a Estatística e a I.O. son disciplinas que terán un papel moi importante nos próximos anos, aínda que non sempre se valoren suficientemente nalgúns ámbitos que se presupoñen con maior capacidade para recoñecer a súa importancia.

Presidencia 2001–2005: Carmen M^a Cadarso Suárez

A importancia da colaboración en estatística: botemos unha mirada atrás

Recordo con moito agrado aqueles anos nos que se me encomendou a presidencia da SGAPEIO (2001-2005). Aínda que son moitos os logros acadados por esta Sociedade ao longo da súa existencia, gustaríame facer referencia a aqueles que tiveron lugar durante a miña presidencia, e moi especialmente a dous deles.

O primeiro, refírese ao acordo de colaboración, firmado no ano 2003, entre a SGAPEIO e a Sociedade de Estatística e Investigación Operativa (SEIO), presidida naquel intre por Don Pedro Gil Álvarez, que desgraciadamente nos deixou o pasado ano, e ao que recordo con especial cariño. O obxectivo deste acordo foi o de potenciar as relacións entrambas as sociedades, poñendo en marcha accións para contribuír conxuntamente á promoción e á divulgación da Estatística e da Investigación Operativa. Sen dúbida, este acordo axudou a potenciar as colaboracións entre os seus socios, favorecendo a consecución de obxectivos de investigación de maior amplitude.

O segundo dos logros, ao que me gustaría referirme, foi a posta en marcha dun evento científico coorganizado co noso país veciño, Portugal. Para isto, téñome que remontar ao ano 2000 cando, co afán de establecer lazos de colaboración no ámbito da bioestatística, contacto coa directora, naquel intre, do departamento de Matemáticas e Aplicacións da Universidade de Minho, a profesora Estelita Vaz. Este primeiro encontro deu lugar a unha longa etapa de colaboracións conxuntas. Foi a través desta profesora como tiveron o pracer de coñecer ao profesor Bruno de Sousa, tamén desta Universidade. Teño a gran sorte de seguir compartindo con ambos unha grande amizade froito de numerosos encontros e reunións científicas. Con eles, foi como se xestou o evento ao que me quero referir: o inolvidable e exitoso I Congreso de Estatística e Investigación Operacional da Galiza e Norte de Portugal e VII Congreso Galego de Estatística e Investigación de Operacións, celebrado en Guimarães en Outubro de 2005. O Congreso, presidido polos profesores da Universidade de Minho, Bruno de Sousa e Fernando Fontes, representou un antes e un despois na colaboración en estatística cos nosos veciños portugueses. Este evento foi organizado conxuntamente polo Departamento de Matemática para a Ciéncia e Tecnología da Universidade de Minho, e a Sociedade Galega para a Promoción da Estatística e a Investigación de Operacións (SGAPEIO). A realización simultánea des-

tes dous congresos, permitiu fortalecer as colaboracións entre as dúas rexións ibéricas, promovendo a divulgación da Estatística e da Investigación Operacional en diversas áreas de aplicación (administración pública, empresa, medio ambiente, educación e investigación). Con esta iniciativa conxunta, a estatística e a investigación operacional, víronse beneficiadas ao reforzárense as capacidades de cooperación institucional, a potenciación da investigación, así coma o desenvolvemento tecnolóxico e a innovación nestes ámbitos. O evento estivo dirixido a especialistas en estatística, investigación operacional, profesionais do ensino, da administración e da empresa. Con el, conseguiuase reunir a cerca de 200 especialistas de España, Portugal, Brasil e Estados Unidos, tanto novos investigadores/as como sénior, que puideron intercambiar coñecementos e definir o estado actual da investigación nestes campos.

O congreso contou con conferencias plenarias, mesas redondas, e sesións de comunicacións científicas, nas que foron presentadas un total de 140 comunicacións, 92 delas orais, e 48 pósters. Destacou a participación, como conferenciantes, de expertos de prestixio como Carmen Batanero, na área da Educación; Carlos Daniel Paulino e Maria Antónia Turkman, en Estatística Baiesiana aplicada á xenética; Gustavo Bergantiños e José Valério de Carvalho, no campo da investigación de operacións, así coma Ana Fernández Militino e Lola Ugarte Martínez, na área de estimación de áreas pequenas.

Estes dous exemplos de colaboración, que tiveron o pracer de promover como presidenta da SGAPEIO, significaron un moi bo punto de partida cara á creación de novos vínculos con outras sociedades e redes científicas no ámbito da estatística e da investigación operativa.

Gustaríame rematar facendo alusión ao importante papel que ten na sociedade a figura do estatístico. A través da posta en marcha de eventos colaborativos deste tipo conséguese fortalecer esta figura, e impulsar a investigación de excelencia e de carácter interdisciplinar, así como a transferencia dos seus resultados científicos cara á industria e, en definitiva, cara á sociedade.

Sen dúbida, a SGAPEIO é un instrumento que camiña nesta liña.

Presidencia 2005–2013: Antonio Vaamonde Liste

Relación entre SGAPEIO e IGE

A Relación entre a Sociedade Galega para a Promoción da Estatística e da Investigación de Operacións (SGAPEIO) e o Instituto Galego de Estatística (IGE) foi sempre moi estreita e fecunda.

O IGE foi Socio Institucional da SGAPEIO desde a súa orixe, achegando unha cota económica que contribuía a financiar as actividades regulares da Asociación mediante un orzamento razoablemente folgado. Ademais, o IGE participou habitualmente nas actividades da SGAPEIO, presentando, os seus profesionais, con frecuencia, comunicacións nos congresos científicos organizados por SGAPEIO, intervindo nas conferencias e mesas redondas ou participando, o seu director, como representante institucional nos actos públicos da SGAPEIO.

En setembro de 2008, sendo Director do IGE don José Colino Sueiras, creouse o Premio IGE concedido pola SGAPEIO, cun importe anual de 4500 euros, co obxecto de potenciar iniciativas orixinais no ámbito educativo sobre probabilidade, estatística, ou investigación operativa, valorándose que o traballo fose aplicado con éxito nalgún centro educativo galego, no cal podían concursar persoas individuais ou equipos. Este certame resolveuse periodicamente mediante un xurado mixto SGAPEIO-IGE, realizándose a entrega do premio durante a celebración da asemblea anual da SGAPEIO.

O principal órgano consultivo da Comunidade Autónoma de Galicia no ámbito da Estatística, o Consello Galego de Estatística, coa responsabilidade de elaborar o Plan Galego de Estatística que establece as operacións a realizar anualmente polo Instituto, está presidido polo Conselleiro/a de Economía, e constituído por representantes dos distintos ámbitos do goberno de Galicia, do propio IGE, representantes dos ámbitos económico-sociais (empresarios, sindicatos, universidades, etc), e inclúe a tres membros de libre elección entre profesionais de recoñecido prestixio no ámbito da estatística: un deles foi tradicionalmente asignado á SGAPEIO, recoñecendo así o papel relevante que lle correspondía á nosa asociación na representación dos profesionais da estatística en Galicia.

Esta tradición rompeu no ano 2005 coa renovación do Goberno de Galicia tras as eleccións autonómicas de xuño daquel ano. Procedeuse, por parte do novo Goberno, ao nomeamento de representantes no Consello Galego de Estatística entre os “profesionais de recoñecido prestixio” sen que fose asignado ningún á SGAPEIO, quizais considerando que o Presidente da Sociedade xa era membro do Consello Galego de Estatística en representación da Universidade de Vigo. Un escrito dirixido ao Conselleiro de Economía e Facenda, José Ramón Fernández Anto-

nio, lembrando o papel histórico da SGAPEIO, a súa función de promoción da actividade estatística tanto pública como privada de Galicia mediante actividades formativas, organización de congresos, realización de tarefas de investigación e asesoramento técnico ou participando en todo tipo de iniciativas relacionadas coa Estatística, así como a súa representatividade no ámbito estatístico profesional, serviu para que se producise con posterioridade unha reforma na composición daquel órgano consultivo mediante a cal se lle asignaba á nosa Sociedade un representante fixo no Consello.

Un fito importante na relación entre a SGAPEIO e o IGE ocorreu con motivo do anteproxecto de “lei de racionalización do sector público autonómico” aprobado pola Xunta de Galicia no ano 2012 para a súa tramitación no Parlamento autonómico, co que se pretendía reducir os custos da Administración Pública mediante a reestruturación de diversos organismos, e que incluía a integración do Instituto Galego de Estatística dentro do Centro Informático para a Xestión Tributaria, Económico-Financeira e Contable.

Con data 23-12-2012 a SGAPEIO enviou un escrito á Conselleira de Economía e Facenda lembrando a necesidade de que as estatísticas públicas –homologables coas elaboradas por calquera outro país desenvolvido– fosen obxectivas, fiables e cribles, o que esixe non soamente unha gran profesionalidade dos técnicos que as realizan, e unha metodoloxía homologada similar á que empregan outros países da contorna, senón tamén, e fundamentalmente, a independencia e autonomía do organismo responsable da súa elaboración. A combinación nun mesmo órgano de competencias heteroxéneas relacionadas con datos e resultados estatísticos (anónimos, obxectivos, públicos, cribles) e datos tributarios (personalizados, confidenciais, ás veces conflitivos) atenta de forma directa contra os principios de fiabilidade, transparencia, comparabilidade e credibilidade que inspiran á Estatística pública, arriscando talvez a perda dunha imaxe de prestixio e seriedade laboriosamente conseguida polo IGE durante décadas de traballo eficaz, e quizais de imposible recuperación posterior.

Diversas intervencións do representante da Sociedade Galega para a Promoción da Estatística e da Investigación de Operacións nas sesións do Consello Galego de Estatística defendendo esa posición, que atoparon rapidamente o apoio firme doutros membros dese órgano consultivo, contribuíron probablemente a que o anteproxecto de lei non fose aprobado con aquel contido, e o IGE mantívase finalmente a súa independencia e autonomía.

Presidencia 2013-2017: M^a Esther López Vizcaíno

A SGAPEIO despois de 25 anos

É para min un pracer escribir este texto como Presidenta actual da SGAPEIO cando esta sociedade cumpre 25 anos da súa creación. Resulta gratificante contemplar como o proxecto iniciado fai 25 anos aparece hoxe como unha sociedade consolidada e dedicada a promocionar a estatística e a Investigación Operativa en Galicia, dende diferentes ámbitos, na educación universitaria e secundaria, na investigación, na empresa e nas AAPP.

Actualmente, somos preto de 200 socios e socias individuais, maioritariamente da Universidade e do Ensino Secundario, e contamos con 7 socios institucionais. Hai actividades que se veñen facendo dende o inicio, como o Congreso Galego de Estatística e Investigación de Operacións, que xa é unha actividade consolidada, e outras que se foron incorporando nos últimos anos a esa lista de actividades consolidadas, como son: O Concurso da Incubadora de Sondaxes e Experimentos, a Xornada de formación AGAPEMA-SGAPEIO ou os Encontros galaico-portugueses de Biometría.

Considero que nos últimos anos se fixo un importante esforzo para que os profesores de ESO/Bacharelato volvesen confiar na SGAPEIO e nas súas actividades. Existen datos concretos que o avalan, como pode ser a participación nos Concursos da Incubadora de Sondaxes e Experimentos e a asistencia ás distintas Xornadas de formación que se organizaron en colaboración con AGAPEMA. Teño que destacar que no ano 2017 dous dos tres representantes de Galicia resultaron gañadores na Fase Nacional do Concurso da Incubadora de Sondaxes e Experimentos, o que confirma que a calidade dos traballos presentados á Incubadora é cada vez maior. Este incremento na calidade pode vir, entre outros aspectos, motivado pola Xornada de Formación AGAPEMA-SGAPEIO, xornada dirixida a profesores que están pensando en presentarse ao concurso e onde se expón a metodoloxía a seguir á hora de facer un proxecto de estatística.

Por outra parte, tamén se seguiu potenciando o papel institucional da SGAPEIO coa firma de varios convenios de colaboración coa Fundación Barrié. Tamén, temos a iniciativa de asinar un novo convenio de colaboración coa Sociedade Portuguesa de Estatística (SPE), que formalice, entre outros aspectos, as actividades que realizamos conxuntamente.

Seguimos formando parte do Consello Galego de Estatística (CGE), e, froito da presenza dun representante

da SGAPEIO no CGE, estase a ultimar un acordo co IGE onde se establece que cada socio da SGAPEIO terá dereito a unha bonificación anual de 500€ en concepto de información estatística cando solicite información ao IGE e acredite ser socio da SGAPEIO (coa cota ao corrente de pago). Como contrapartida, dende a SGAPEIO, facemos unha interpretación extensiva do convenio vixente co IGE e acordamos que nos cursos, seminarios e congresos que a SGAPEIO organice, ofrecerá 3 prazas gratuítas para a asistencia do persoal do IGE.

Outro feito que merece a pena destacar é a presenza da SGAPEIO fóra de Galicia. Ademais das colaboracións coa SPE na organización dos Encontros de Biometría, tamén estivemos presentes no último congreso da SEIO celebrado en Toledo. Con motivo da celebración do XXXVI Congreso Nacional de Estatística e Investigación Operativa, a SEIO invitou á SGAPEIO a organizar unha sesión específica da nosa sociedade co obxectivo de potenciar os lazos xa existentes entre as sociedades e dar a coñecer traballos que versasen sobre métodos e aplicacións da Estatística e a Investigación Operativa en Galicia, é dicir, traballos que se aplicasen a datos que tivesen que ver con Galicia.

Ademais, nestes últimos anos a Sociedade tivo que adaptarse aos tempos de cambio que impuxeron as tecnoloxías da información e da comunicación e agora está dispoñible nas redes sociais en *Twitter* e *Linkedin*. Tamén publicamos tres números ao ano do noso boletín dixital, o INFORMEST. Esta publicación periódica da SGAPEIO, que xa se vén facendo dende o inicio, na actualidade inclúe artigos de divulgación, entrevistas, recensións bibliográficas, resumos de teses lidas nas universidades galegas e dos traballos fin de mestrado, descrición das actividades organizadas pola SGAPEIO e unha breve entrevista a un socio ou socia para ir coñecendo.

Os tempos de cambio e a idea de potenciar a imaxe pública da Sociedade tamén levaron a que nesta última etapa acometésemos unha revisión da imaxe institucional da SGAPEIO, unha nova imaxe e un novo logo moderno e adaptado aos tempos que corren e que presentaremos no último trimestre deste ano. Seguimos potenciando a comunicación cos socios/socias. Nos últimos anos fíxose unha depuración importante do directorio de socios e así, cada quince días, todos reciben no seu correo un *e-mail* con anuncios, novas, eventos de interese e ofertas de traballo.

Teño que dicir que todo isto non sería posible sen o traballo que fixo o consello executivo do período 2013-2017 e todos os consellos executivos da SGAPEIO precedentes. A todos eles, moitas grazas por facer que a SGAPEIO hoxe sexa unha sociedade cunha razoable e variada oferta de actividades para todos os socios e socias.

A pesar de toda esta traxectoria da Sociedade, notamos un certo estancamento nas incorporacións de xente nova, dato que nos provoca certo grao de preocupación. É por esta razón que nos últimos anos se fomentou a participación de xente nova na Sociedade organizando nos congresos da SGAPEIO un Premio para os investigadores novos. Tamén, no último Encontro luso-galaico de Biometría, se pediu dende a Sociedade a axuda de estudantes para a xestión das actividades nos días do Encontro. Dende o meu punto de vista, considero fundamental revitalizar a participación da xente nova na Sociedade, participación que, en parte, se pode conseguir coa axuda dos profesores que imparten clase no Mestrado en Técnicas Estatísticas, organizado conxuntamente polas tres universidades galegas, aos que dende aquí lles pido a súa colaboración.

Outro aspecto importante, e que non quero deixar de mencionar, é que nos anos de traxectoria da SGAPEIO non fomos capaces de establecer unha batería de cursos

que se puidesen impartir de maneira continua ou alterna. É certo que se impartiron cursos para profesores de secundaria, curso de estatística para as PEMES,... pero non fomos capaces de establecer unha actividade consolidada cun conxunto de cursos que fose de interese para os socios e socias. Penso que esta é unha das tarefas nas que terán que traballar os integrantes do próximo Consello Executivo.

E por último, no tocante a cousas que aínda quedan por facer, faltan ideas na SGAPEIO para levar adiante un dos grandes retos, que consiste en aumentar a relación co mundo empresarial. A Sociedade debe contribuír a que haxa unha maior presenza de estatísticos e expertos en investigación operativa nas empresas galegas. Nesta sociedade actual, na que os científicos de datos teñen cada vez máis importancia como profesión para axudar ás empresas a extraer a máxima rendibilidade do *big data*, temos que facernos valer, se non outros ocuparán o noso posto.

Como pode observarse, existen aínda aspectos por desenvolver nos vindeiros anos e de seguro que estímulos e ganas para levalos a bo porto non han de faltar. Eu estou convencida de que, coa colaboración de todos, a SGAPEIO seguirá a ser un punto de referencia na divulgación e na promoción da Estatística e a Investigación Operativa.



25 anos de historia: 1992-2017

	1992	- Fundación da Sociedade: 17 de outubro de 1992
- I Congreso SGAPEIO (A Coruña, 25-27 novembro)	1993	- Inscripción da SGAPEIO no rexistro do Ministerio de Interior - Primeira edición dos Estatutos ^[1] - Firma dun convenio co IGE
	1994	- Publicación do Informest Nº 1
- II Congreso SGAPEIO (Vigo, 9-11 novembro)	1995	- Constitución do Consello Asesor da SGAPEIO - Publicación Informest Nº3, o primeiro con depósito legal (LU-191-1995) - Constitución do Consello Galego de Estatística coa SGAPEIO como representante dos profesionais da Estatística - Tradución e publicación da "Declaration on Professional Ethics for Statisticians"
- International Workshop on Game Theory and Politics. Spanish Meeting (Santiago, 2-5 xullo)	1996	- Presentación da imaxe corporativa da SGAPEIO - Curso sobre aspectos básicos da mostraxe
- III Congreso SGAPEIO (Lugo, 6-8 novembro)	1997	- Cursos de paquetes estatísticos (4)
	1998	- Creación da páxina web da SGAPEIO - Cursos de SPSS (2)
- IV Congreso SGAPEIO (Santiago, 11-13 novembro)	1999	- Firma dun convenio de reciprocidade coa RSME
- Conferencias de Jorge Luis Romeu organizadas pola SGAPEIO e a UDC (A Coruña, 7-8 de xullo)	2000	- I Premio SGAPEIO á Innovación Pedagóxica en Centros de Educación Secundaria ^[2] - Seminario de Estatística e Probabilidade para profesores de Ensino Medio
- V Congreso SGAPEIO (Ferrol, 12-14 setembro)	2001	- Tradución, edición e publicación do libro "Á Estatística <i>jen caricaturas!</i> " - Seminario de Métodos de Regresión e Análise de Series Temporais con SPSS
- Asemblea Xeral 2002: 10º aniversario da SGAPEIO	2002	- Firma dun convenio de reciprocidade con AGAPEMA - Firma dun convenio de colaboración co Instituto de Informática da USC
- VI Congreso SGAPEIO (Vigo, 5-7 novembro)	2003	- Firma dun convenio de reciprocidade coa SEIO - Solicitud de ISSN para o Informest (dende o Nº 20) - Curso de análise de datos lonxitudinais
- Xornada sobre a presenza de Estatística no Sistema Universitario Galego (Santiago, 8 maio)	2004	- Informest Nº 22 (xuño): 10º Aniversario

- I Congreso de Estatística e Investigación Operacional da Galiza e Norte de Portugal e VII Congreso SGAPEIO (Guimarães, 26-28 outubro)	2005	
	2006	- Novo enderezo da web: http://www.sgapeio.es
- VIII Congreso SGAPEIO (Santiago, 8-10 novembro)	2007	
	2008	- I Premio IGE á Innovación Pedagóxica ^[3] - Seminario de Estatística e Probabilidade para profesores de Ensino Medio
- IX Congreso SGAPEIO (Ourense, 12-14 novembro)	2009	- Minicurso de Estatística con Excel para profesores de Ensino Medio
	2010	- Día Mundial da Estatística, 20 de outubro - Renovación da páxina web - Inicio dos mailings de novas
- X Congreso SGAPEIO (Pontevedra, 3-5 novembro)	2011	- I edición do Concurso Incubadora de Sondaxes e Experimentos ^[4] - Referendo para modificar os Estatutos da SGAPEIO - Recoñecemento <i>de iure</i> da SGAPEIO como membro do Consello Galego de Estatística
	2012	- Declaración do ficheiro de datos de socios na Axencia Española de Protección de Datos
- XI Congreso SGAPEIO (A Coruña, 24-26 outubro) - I Premio á mellor comunicación presentada por un investigador novo no Congreso da SGAPEIO ^[5] - I Encontro Luso-Galaico de Biometría (Braga, 14-16 xullo) - 1ª Xornada de formación SGAPEIO-AGAPEMA ^[6]	2013	- Ano Internacional da Estatística - Organización da Fase nacional da III Incubadora de Sondeos y Experimentos, (Santiago, 3-4 xullo) - Curso non presencial de Estatística con R para profesores de Ensino Medio - Firma dun convenio co CESGA para o aloxamento do sitio web - Firma dun convenio coa Fundación Barrié ^[7] - Participación no Palabrario Estatístico de EducaBarrié
- I Encontro Luso-Galaico de Estatística no Medio Ambiente e na Ecoloxía (Vila Real, 6-8 novembro)	2014	- Creación das contas de twitter e LinkedIn - Reestruturación do contido do Informest - Curso semipresencial de R: software estatístico libre para PEMES
- XII Congreso SGAPEIO (Lugo, 22-24 outubro) - Xornada sobre Big Data e Estatística (A Coruña, 19 xuño)	2015	- Número especial do Informest dedicado ao XII Congreso SGAPEIO - Exposición Explorística (SPE) en Galicia - Referendo para modificar os Estatutos da SGAPEIO
- II Encontro Galaico-Portugués de Biometría (Santiago, 30 xuño, 1-2 xullo)	2016	- Sesión de comunicacións SGAPEIO no XXXVI Congreso SEIO (Toledo, 5-7 setembro)
- XIII Congreso SGAPEIO (Ferrol, 26-28 outubro)	2017	- Celebración do 25 aniversario da SGAPEIO

[1] Novas edicións en 1994, 2002 e 2006.

[2] Este Premio tivo outras tres edicións: II en 2002, III en 2004 e IV en 2006.

[3] Este Premio tivo unha única edición.

[4] Dende esta I edición, o Concurso convocouse anualmente ata chegar á VII edición en 2017.

[5] Este Premio convocouse de novo nos congresos de Lugo 2015 e Ferrol 2017.

[6] Esta xornada repetiuse anualmente ata chegar á V edición en 2017.

[7] Este convenio renovouse nos anos 2014, 2015 e 2016. O resto de convenios da SGAPEIO permanecen vixentes.

Liña de vida da SGAPEIO


1992

Fundación da sociedade SGAPEIO: 17 de outubro de 1992

por Ricardo Cao

No ano 1992, xa existía en Galicia un importante número de especialistas en Estatística e Investigación de Operacións, mais o impacto destas disciplinas na sociedade galega era escaso. Algúns profesores das universidades galegas, preocupados por esta situación, decidiron tomar a iniciativa. No mes de outubro de 1992 creouse a Sociedade Galega para a Promoción da Estatística e da Investigación de Operacións (SGAPEIO) con 34 socios fundadores, formándose unha Comisión Xestora que,

dende a súa creación, rexeu a Sociedade ata a elección do primeiro Consello Executivo. A Sociedade foi inscrita co número 115.719 nos rexistros públicos da Secretaría Xeral Técnica do Ministerio do Interior. A comisión xestora estivo formada por seis membros: Ricardo Cao Abad, Balbina Casas Méndez, Ignacio García Jurado, Manuel Antonio Presedo Quindimil, Alejandro Quintela del Río e Margarita Vázquez Brage.




1993

I Congreso SGAPEIO A Coruña, 25-27 de novembro

por Ricardo Cao


O Departamento de Matemáticas da Universidade de A Coruña foi encargado de organizar o I Congreso Galego de Estatística e Investigación de Operacións, que se celebrou na Facultade de Informática de A Coruña do 25 ao 27 de novembro de 1993. Os relatores invitados foron os profesores Daniel Peña Sánchez de Rivera (Universidad Carlos III), Jaume Barceló Bugeda (Universitat de Barcelona), José Manuel Prada Sánchez (Universidade de Santiago de Compostela) e José Miguel Bernardo He-

rranz (Universitat de Valencia). No mesmo celebráronse conferencias e mesas redondas sobre a aplicación da estatística e a investigación de operacións na empresa, a xestión de tráfico, a análise de datos medioambientais, as predicións electorais, a estatística e a investigación de operacións no ensino medio e a recollida e tratamento de datos na estatística oficial. O Congreso alcanzou un grande éxito e supuxo a auténtica presentación da SGAPEIO nos medios científicos, económicos e sociais. No transcurso do congreso celebrouse unha Asemblea Xeral na que se elixiu o primeiro Consello Executivo, con mandado ata 1997.



Inscripción da SGAPEIO no rexistro do Ministerio do Interior

por Ignacio García Jurado



A SGAPEIO naceu o 17 de outubro de 1992. A partir dese momento comezou o proceso de inscrición legal da Sociedade. Tal proceso culminou o 26 de xaneiro de 1993, segundo a resolución ditada polo Ministerio do Interior do Goberno de España.

1994


I Boletín Informest

por Manuel Antonio Presedo

Aínda que hoxe están separados os cargos de Director do Boletín e Secretario Xeral da SGAPEIO, nunha primeira etapa, era este último o encargado da edición do Boletín.

Unha vez elixido Secretario Xeral, en 1994, tiven a responsabilidade de encargarme dunha tarefa para min nova e completamente descoñecida, o reto de poñer en marcha a publicación periódica da Sociedade. Con tal fin, o primeiro que acordamos foi solicitar, aos entón membros da Sociedade, nomes para a nova publicación, adoptando o nome actual de INFORMEST proposto por Luís Alberto Ramil Novo, profesor da Universidade de Santiago de Compostela.

Por fin, en xuño de 1994 publicouse o primeiro número de INFORMEST, cuxos contidos se dedicaron maioritariamente a información relacionada co Primeiro Congreso da SGAPEIO celebrado na Facultade de Informática da Universidade da Coruña.




1995

II Congreso SGAPEIO Vigo, 9-11 de novembro


por Antonio Vaamonde

Despois do éxito indubidable do primeiro congreso científico da SGAPEIO en A Coruña, ao Departamento de Estatística da Universidade de Vigo correspondeulle en novembro de 1995 organizar o segundo, que debía consolidar esa iniciativa e asegurar a súa continuidade. Máis de 200 congresistas asistentes, relatores distinguidos (Winfried Stute, Rafael Romeu, Wenceslao González Manteiga, Francesc Carreiras, Laureano Escudeiro), actividades musicais (Grupo de Cámara da Universidade de Vigo, Grupo de Música Tradicional A Roda, Coro Universitario de Vigo) e varias mesas redondas, complementaron as sesións científicas nas que se presentaron os avances da Estatística teórica e aplicada en ámbitos diversos como

biomedicina, control de calidade na industria, estatística espacial, ou mostraxe estatística, así como os avances da Investigación operativa, especialmente a Teoría de Xogos aplicada á Economía e Ciencias Sociais.



A programación oficial centrouse nas aplicacións, coa participación de afamados especialistas. Nas conferencias departíuse sobre a teoría de xogos (Ignacio García), a quimiometría (Luis Sarabia), o deseño de experimentos (Roger Payne), o control de calidade (Albert Prat) e o sistema estatístico oficial (Pilar Martín). As mesas redondas abordaron temas de actualidade: as grandes bases de datos e a rede internet, o ensino da estatística e a I.O. na educación secundaria e a estatística oficial, con representantes de nivel autonómico, nacional e europeo. Este congreso contou coa presidencia de honra dos Duques de Lugo, e un comité de honra encabezado polo presidente da Xunta de Galicia. A súa celebración tivo unha gran repercusión na prensa de Galicia, cun suplemento especial que lle dedicou *La Voz de Galicia*.



1996

International Workshop on Game Theory and Politics. Spanish Meeting Santiago, 2-5 de xullo

por Ignacio García

A SGAPEIO organiza os seus propios congresos pero tamén colabora na organización doutros eventos científicos. Un dos primeiros congresos internacionais, en cuxa organización colaborou, foi o International Workshop on Game Theory and Politics, celebrado en Santiago de Compostela en xullo de 1996. Este evento reuniu a máis de cen investigadores de todo o mundo e contou entre os seus conferenciantes convidados con Reinhard Selten, que recibira o Premio Nobel de Economía en 1994.

1997

III Congreso SGAPEIO Lugo, 6-8 de novembro

por Luis Ramil

O III Congreso SGAPEIO celebrouse na Facultade de Veterinaria de Lugo, do 6 ao 8 de novembro de 1997, organizado polo Dpto. de Estatística e I.O. da USC. Participaron 227 congresistas e presentáronse un total de 40 comunicacións.

1998

Creación da páxina web da SGAPEIO

por Manuel Febrero

A primeira web da SGAPEIO creouse en 1998 dunha forma moi artesanal, aproveitando os recursos informáticos do Dpto de Estatística e Investigación Operativa da USC nos que se estaba despregando a propia web do departamento. Creouse como unha parte dese servidor web coa dirección <http://eio.usc.es/pub/sgapeio.html> (así continuou ata que moito máis adiante se solicitou un dominio propio). A web usaba o software libre do servidor Apache aínda que o deseño orixinal, realizado por Manuel Febrero, usaba unha mestura de software propietario e

programación directa en HTML tomando como inspiración o conxunto de identidade (logotipos, cores, etc) que a sociedade encargara recentemente.

1999

IV Congreso SGAPEIO Santiago, 11-13 de novembro

por M^a José Lombardía



Os días 11, 12 e 13 de novembro de 1999 tivo lugar na Facultade de Medicina da USC o IV Congreso Galego de Estatística e Investigación de Operacións, que estivo organizado polo Departamento de Estatística e Investigación Operativa da USC a petición da SGAPEIO. Nesta edición contouse con sete conferencias, plenarias todas elas, no ámbito da bioestatística e da estatística actuarial: Ricardo Cao, Univ. da Coruña; Ángel Marín, Vicepresidente do Instituto de Actuarios de España; Roberto Behar, Univ. del Valle; Santiago Murgui, Univ. de Valencia; Donna Spiegelman, Harvard University; Emilio Carrizosa, Univ. de Sevilla; Luis Carlos Silva, Instituto de Ciencias Médicas de La Habana. Ademais, tivo lugar unha mesa redonda sobre “A estatística na investigación médica” e organizáronse diversas actividades de carácter cultural para facer máis atractiva a participación e dar a coñecer a cidade aos participantes. Ao congreso asistiron 233 congresistas, dos cales 29 proviñan de fóra da nosa comunidade, presentando 27 comunicacións orais e 30 pósters.

2000

I Premio SGAPEIO á Innovación Pedagóxica en Centros de Educación Secundaria


por Miguel Gigirey

No ano 2000 convocouse a 1ª edición do premio SGAPEIO á innovación en secundaria. Participaron 6 traballos e o premio foi compartido por dous deles: Estatística descriptiva en 3º de ESO, presentada por 4 profesores e profesoras do IES de Pontearreas. Proxecto EXES (Excel e estatística), presentado por 2 profesores do IES Terra do Xallas de Santa Comba. O presidente do xurado, formado por 5 membros, foi o daquela presidente da SGAPEIO, Manuel Antonio Presedo Quindimil. A entrega do premio, por un total de 300.000 das antigas pesetas, celebrouse en Santiago, nun auditorio que Caixa Galicia tiña daquela na Carreira do Conde.

2001

Tradución, edición e publicación do libro “Á Estatística, en caricaturas!”

por José María Alonso



A SGAPEIO no ano 2001 publicou o libro “Á Estatística, en caricaturas!”, tradución ao galego do texto orixinal en inglés titulado “*The cartoon guide to statistics*”. A principal novidade que presenta este texto, en comparación con outros existentes no ámbito da introdución aos métodos estatísticos, é a orixinalidade da súa presentación, onde os contidos veñen acompañados dunha serie de viñetas que fan máis grata a súa lectura.

“Á Estatística, en caricaturas!” foi no seu momento un proxecto atípico no marco da promoción do uso da lingua galega, xa que, aínda que son moitas as publicacións

en galego que se viñan realizando, non era habitual a publicación en galego de obras de ámbito científico-técnico. Asinou-se un convenio coa Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo polo que se enviaron exemplares deste libro a todos os centros de ensino medio da comunidade galega. Presentouse na Facultade de Matemáticas de Santiago e na Galería Sargadelos de Lugo.

V Congreso SGAPEIO Ferrol, 12-14 de setembro

por Salvador Naya



O V congreso da SGAPEIO estivo marcado polas datas elixidas, xa que o destino fixo que fose xusto ao día seguinte dos atentados do 11 de Setembro. As conferencias estiveron centradas en temas ligados á industria. Iniciouse o congreso cunha conferencia sobre as aplicacións da IO na empresa, a cargo de Félix Doldan, seguida por outra charla que abordou os principios da fiabilidade industrial, impartida por Miguel Canelo, e rematando cunha mesa redonda sobre as aplicacións do Control de Calidade no sector naval. Tamén se tivo en conta o mundo do ensino secundario contando co profesor José Colera, autor dos textos de Matemáticas da editorial Anaya e co historiador da ciencia, Mariano Hormigón, que nos brindou unha magnífica conferencia sobre a historia da Estatística. Como todo congreso, levou tamén asociada a actividade científica e social, cunha visita ao estaleiro Izar (hoxe Navantia), gran referencia na construción naval en España. Rematouse cunha actuación dun cuarteto de corda de músicos da Sinfónica de Galicia, que puxeron o broche final ao encontro.

2002

Asemblea Xeral 2002: 10º aniversario da SGAPEIO

por José Antonio Vilar

A Asemblea Xeral de 2002 tivo lugar o 19 de outubro na Facultade de Medicina da USC. Celebrouse máis tarde do habitual coa intención de achegarse ao 17 de outubro, data do décimo aniversario da fundación da Sociedade. A Presidenta, Carmen Cadarso, tivo palabras de agra-

decemento a todos os socios e membros dos diferentes consellos executivos pola súa participación e dedicación ao longo dos dez anos transcorridos, permitindo ter consolidada a Sociedade que, naquel intre, contaba con 327 socios. Os temas tratados deixaron constancia da intensa actividade que a Sociedade desenvolvía: actualización dos Estatutos; convenios con outras institucións e sociedades; patrocinio do ISI *Intern. Conf. on Environmental Statistics and Health*; publicacións de *Informest*; venda do libro “*Á Estatística, en caricaturas!*”; 2ª Ed. do Premio SGAPEIO á Innovación Pedagóxica no Ensino Secundario, que recaeu en D. Xosé Enrique Pujales; e o desenvolvemento do VI Congreso Galego de Estatística e Investigación de Operacións na Universidade de Vigo.

2003

VI Congreso SGAPEIO Vigo, 5-7 de novembro

por Jacobo de Uña



O VI Congreso da SGAPEIO celebrouse no Centro Social Caixanova (actualmente Afundación) de Vigo, do 5 ao 7 de novembro de 2003. Unha das conferencias plenarios, titulada “Unha aproximación á teoría de colas con reintentos”, foi impartida por Jesús Artalejo, falecido en 2013 tras toda unha vida dedicada á Investigación Operativa. Foi un privilexio ter a Jesús no evento. Outros conferenciantes foron Eva Ferreira e o filósofo da ciencia Andrés Rivadulla. Organizado polo Departamento de Estatística e Investigación Operativa da Universidade de Vigo, o VI Congreso albergou ademais dúas mesas redondas, un taller, e un mini-curso. Houbo máis de 150 asistentes e presentáronse 70 comunicacións orais e póster.

2004

10º Aniversario de Informest


por José María Alonso

En xuño de 1994 editouse o primeiro número de Informest. O Presidente da SGAPEIO, Manuel Presedo, escribiu o editorial correspondente ao número 22, editado en xuño de 2004 no que dá conta da evolución do boletín nos seus anos de historia: as modificacións formais, os tres directores que tivo o boletín nestes anos, os cambios nos seus contidos, aínda que tamén destaca que moitos dos temas tratados nos primeiros números sigan vixentes. Tamén agradece a colaboración de todas as persoas que participaron na súa elaboración ao longo destes anos e destaca a calidade da publicación, que non desmerece ás editadas por Sociedades con máis tradición e recursos que a SGAPEIO.

2005

VII Congreso SGAPEIO
Guimarães, 26-28 de outubro

por Carmen Cadarso



Este encontro (Guimarães, 26-28 de Outubro de 2005) estivo organizado polo Departamento de Matemática para a Ciencia e Tecnología da Universidade de Minho, e a Sociedade Galega para a Promoción da Estatística e a Investigación de Operacións (SGAPEIO).

A realización simultánea destes dous congresos, permitiu fortalecer as colaboracións entre as dúas rexións ibéricas, promovendo a divulgación da Estatística e da Investiga-

ción Operacional en diversas áreas de aplicación (administración pública, empresa, medio ambiente, educación e investigación).

O congreso contou con conferencias plenarias, mesas redondas e 140 comunicacións científicas, conseguindo reunir cerca de 200 especialistas españois, portugueses e brasileiros.

2007

VIII Congreso SGAPEIO
Santiago, 8-10 de novembro

por César Sánchez

Os días 8, 9 e 10 de novembro de 2007 tivo lugar o VIII Congreso Galego de Estatística e Investigación de Operacións, celebrado por primeira vez na Facultade de Matemáticas da Universidade de Santiago de Compostela. Nel participaron máis de 120 congresistas procedentes de Galicia, así como doutras Comunidades españolas e de Portugal. O programa incluíu temas de investigación metodolóxica, de Estatística e Optimización aplicadas, de Estatística Pública, xunto cunha mesa redonda sobre as saídas profesionais, un curso sobre a linguaxe R e outro sobre o LaTeX, e unha conferencia máis divulgativa sobre a relación entre o cine e o azar. Presentáronse máis de corenta comunicacións. O programa cultural consistiu nunha visita guiada ao patrimonio histórico da Universidade de Santiago de Compostela.



2009

IX Congreso SGAPEIO Ourense, 12-14 de novembro

por **Tomás Cotos**

O IX Congreso Galego de Estatística e Investigación de Operacións tivo lugar do 12 ao 14 de novembro de 2009 no Centro Cultural Marcos Valcárcel da Deputación de Ourense na cidade de Ourense, organizado polo membros do dpto. de Estatística e Investigación Operativa da Universidade de Vigo no Campus de Ourense.

Durante estes días os máis de 130 congresistas que se achegaron ao congreso puideron desfrutar de 7 conferencias plenarias, 2 mesas redondas, e da exposición de máis de 60 traballos. O programa cultural contemplou unha visita ao casco histórico da cidade, e, como non podía ser doutro xeito, a visita a unha adega do Ribeiro e unha inmersión no complexo termal de Outariz.



2011

X Congreso SGAPEIO Pontevedra, 3-5 de novembro

por **M^a del Carmen Iglesias**

O X Congreso da SGAPEIO celebrouse no Pazo de Congresos de Pontevedra en novembro de 2011. Contou con máis de 100 participantes, case 50 comunicacións, dous obradoiros e seis conferencias: “La matemática discreta y el intercambio de riñones”, “O abc da estatística espacial”, “Modelos lineales generalizados mixtos”, “Multiple testing”, “Escuela 2.0. Nuevos usos didácticos de las TIC” e “La estadística en la enseñanza secundaria en Europa y en el bachillerato internacional”.

Un dos actos máis mediáticos foi a mesa redonda “Estatística y Crisis Económica” na que Miguel Cardoso (BBVA), Eloísa Ortega (Banco de España) e Esteban Andión (IGE) mostraron predicións para o emprego en plena crise. Esta actividade favoreceu o aumento de participantes das áreas de economía. Tamén houbo unha boa representación de estatísticos portugueses. Todos os congresistas puideron desfrutar coa visita á bodega Martín Codax, a comida no Parador de Pontevedra e co paseo pola Boa Vila.



2010

Día Mundial da Estatística 20 de outubro

por **Pedro Faraldo**

O Consello executivo da SGAPEIO organizou distintos actos con motivo da celebración o 20/10/2010 do día Mundial da Estatística aprobado pola Comisión de Estatística das Nacións Unidas para concienciar sobre a relevancia da estatística na sociedade e dar a coñecer os múltiples avances da Estatística.

A Estatística é un instrumento ineludible para tratar de estudar e cuantificar a incerteza e o seu uso é inevitable na procura do coñecemento. Na nosa era as actividades humanas están baseadas en predicións.

I edición do concurso *Incubadora de Sondaxes e Experimentos*

por **Pedro Faraldo**

A SGAPEIO convocou no ano 2011 ou I concurso *Incubadora de Sondaxes e Experimentos* para proxectos de estatística e investigacións de operacións para estudantes de ESO, Bacherelato e Ciclos Formativos de Grao Medio da Comunidade Autónoma de Galicia. A Facultade de Matemáticas da USC serviu de escenario para a entrega de premios. Incubando científicos enxeñosos: 1º e 2º da ESO: As novas tecnoloxías, fóra da aula, no IES de Mugardos.

3º e 4º da ESO: Podemos predicir a estatura á que vai chegar unha persoa? (Premio Fase Nacional) Bacharelato e Ciclos Formativos de Grao Medio: Cantas estrelas podemos ver, a simple vista, dende a nosa localidade? (Premio Fase Nacional)

2013

XI Congreso SGAPEIO e I premio novos investigadores A Coruña, 24-26 de outubro

por M^a José Lombardía



O Departamento de Matemáticas da Universidade da Coruña, a petición da SGAPEIO, organiza o XI Congreso Galego de Estatística e Investigación de Operacións. O congreso celebrouse nas instalacións da Fundación Barrié os días 24, 25 e 26 de outubro de 2013. Nesta edición contouse con 4 conferencias plenarias (Kamil Feridun Turkman, Univ. Lisbon; Noël Veraverbeke, Univ. Hasselt; Justo Puerto, Univ. de Sevilla; Juan Vidal Puga, Univ. de Vigo), 2 obradoiros e 2 mesas redondas que trataron temas de actualidade, ademais de actividades de carácter cultural coas que procuramos facer máis atractiva a participación e a celebración dos 20 anos dende a súa primeira edición. Ao congreso asistiron arredor de 114 congresistas, presentáronse 33 comunicacións orais, repartidas en 9 sesións paralelas, e 24 pósters.

Como novidade, froito da colaboración da SGAPEIO e EducaBarrié, outorgouse un premio á mellor comunicación presentada por investigadores novos. Este congreso únese á celebración, no 2013, do Ano Internacional da Estatística, na que participan máis de 1000 organizacións, poñendo de manifesto o bo momento desta disciplina e a súa importancia na sociedade.

Ano Internacional da Estatística

por Balbina Casas

En 2013 celebrouse o Ano Internacional da Estatística dirixido por entidades como o *International Statistics Institute*. O obxectivo era concienciar sobre o impacto das estatísticas e fomentar o desenvolvemento da estatística. Do mesmo xeito que máis de 700 organizacións, a SGAPEIO uniuse a esta celebración.

En febreiro abriuse o Ano celebrando unha Asemblea Xeral acompañada dunha conferencia divulgativa. Realizamos as fases rexional e nacional do concurso *Incubadora de Sondaxes e Experimentos*, o I Encontro Luso-Galaico de Biometría, o XI Congreso SGAPEIO e unha xornada sobre ensino. Clausuramos o Ano en novembro con tres conferencias divulgativas.



ANO INTERNACIONAL DA ESTATÍSTICA

ORGANIZACIÓN PARTICIPANTE

I Encontro Luso-Galaico Biometría Braga, 14-16 de xullo

por Esther López



I Encontro Português de Biometría
I Encontro Luso-Galaico de Biometría



Este foi o 1º encontro que organizou a Sociedade Portuguesa de Estatística (SPE) conxuntamente coa SGAPEIO. O Encontro celebrouse en Braga (Portugal) en xullo de 2013 e, ao igual que os dous que se celebraron despois, tiña como obxectivo promover o intercambio e intensificar as relacións dentro de cada comunidade e entre as dúas comunidades estatísticas.

O encontro, reuniu aos investigadores e profesionais da Estatística de Galicia e Portugal que traballan no eido da Medicina e das Ciencias da Saúde e contou con conferenciantes invitados de recoñecido prestixio como Alan Agresti, Charmaine Dean, Guadalupe Gómez Melis ou Lucília Carvalho.

Fase nacional da III Incubadora de Sondeos y Experimentos. Santiago, 3-4 xullo

por Rosa Crujeiras



Convocada pola SEIO e organizada pola SGAPEIO na Facultade de Matemáticas da Universidade de Santiago de Compostela, a Fase Nacional da “III Incubadora de Sondeos y Experimentos” reuniu a participantes de Andalucía, Asturias, Cataluña, Castela León, Extremadura, Galicia e Madrid.

Co fomento do ensino e a aprendizaxe da estatística como principal obxectivo, nesta fase nacional os premiados amosaron a súa motivación e competencia para valorar se os adolescentes seguen hábitos de vida saudables, indagar sobre o impacto que o sector bovino ten na actividade económica do seu concello ou decidir, entre varios modelos, o deseño máis eficaz para un avión de papel.

1ª Xornada de formación SGAPEIO-AGAPEMA

por Esther López

Con esta 1ª Xornada de formación SGAPEIO-AGAPEMA de novembro de 2013 arrancaron as futuras e frutíferas colaboracións entre a Asociación Galega de Profesores de Matemáticas (AGAPEMA) e a SGAPEIO, que se concretan todos os anos na celebración dunha xornada formativa sobre estatística para profesores de Ensino Secundario e Bacharelato. De todos os xeitos, non hai que esquecer que SGAPEIO e AGAPEMA xa tiñan asinado un convenio de reciprocidade dende o ano 2002, que segue vixente na actualidade. Esta 1ª xornada impartíuse en dúas edicións, unha na Coruña e outra en Vigo nas sedes da Fundación Barrié, que tamén colaborou na organización.

Participación no Palabrario Estatístico de EducaBarrié

por Soly Santiago

Con motivo da celebración do ano Internacional da Estatística, a Fundación Barrié convidou á SGAPEIO a colaborar con EducaBarrié na elaboración dun *Palabrario* que tiña por obxectivo acercar á escola a investigación actual e as persoas que a fan posible. A SGAPEIO aportou ao *Palabrario* 26 termos estatísticos (16 de Estatística e 10 de Investigación Operativa), que se foron publicando semanalmente e, de dous en dous, na nosa páxina *web*. Comezamos o día 7 de maio con *Bioestatística* e *Teoría de Xogos*, e rematamos o 5 de novembro con *Fiabilidade* e *Control de Calidade*.

2014

I Encontro Luso-Galaico de Estatística no Medio Ambiente e na Ecoloxía Vila Real, 6-8 de novembro

por M^a José Ginzo



O I Encontro Luso-Galaico de Estatística no Medio Ambiente e na Ecoloxía (EES2014) celebrouse do 6 ao 8 de novembro de 2014 en Vila Real (Portugal). Este encontro foi organizado conxuntamente pola Sociedade Portuguesa de Estatística (SPE) e contou co apoio do Departamento de Matemática da Universidade de Trás-os-Montes e Alto Douro (UTAD), Departamento de Matemática e Aplicações da Universidade do Minho e da SGAPEIO.

No programa científico, a maiores das sesións de comunicacións orais e de presentación de pósters, houbo 4 sesións plenarias impartidas por: Wenceslao González, Janine Illian, Alexandra M. Schmidt e Kamil Feridun Turkman e catro sesións invitadas: Jesús Aboal, Rosa M^a Crujeiras, João Cabral e María José Lombardía; un minicurso “Métodos para a estimación da abundancia animal”, impartido por Russell Alpizar e Tiago Marques e unha mesa redonda: “A Estatística como ferramenta nas Ciencias Ambientais e na Ecoloxía”, na que participaron Tiago Marques, Juan Picos, Isabel Natário e Miguel Branco.

Reestruturación do contido do Informest

por Paula Raña

Dentro da era dixital na que nos atopamos, o boletín *Informest* non podía permanecer á marxe e foi tamén evolucionando cos tempos. Xa dende o 2013 migróu da edición en papel ao mundo dixital, converténdose nunha publicación *online*. Seguindo esa liña de renovación, no ano 2014 levouse a cabo una reestruturación dos seus contidos, co ánimo de facelo máis dinámico. Artigos, entrevistas, bibliografía, *software*, traballos académicos, novas do IGE, actividades realizadas ou curiosidades da estatística e IO son algunhas das súas seccións, incluíndo tamén unha pequena ficha de socios para que todos nos poidamos coñecer.

2015

XII Congreso SGAPEIO Lugo, 22-24 de outubro

por José Manuel Colmenero



Organizado polo Departamento de Estatística e I.O. da USC, o XII Congreso da SGAPEIO tivo lugar no Pazo de San Marcos da Deputación Provincial de Lugo, do 22 ao 24 de outubro de 2015. Participaron 126 congresistas, con representación de América Latina, do noso país veciño, Portugal, e do resto de España.

O programa de actividades incluíu catro conferencias, sobre optimización (Julio González), a estatística nunha empresa (Jorge López), os datos funcionais (Phillipe Vieu) e a sensometría (Monica Bécue); dúas mesas redondas, sobre análise estatística en empresas e laboratorios e sobre os servizos de asesoramento estatístico; a exposición “Explorística”, un panel de cata de viños; dous obradoiros e dous cursos e as sesións de comunicacións orais e pósters. En canto ás actividades sociais, realizouse unha excursión pola Ribeira Sacra, unha visita guiada á Domus do Mitreo de Lugo e un concerto de piano, rematando cunha comida de irmandade animada por un mago e un contacontos.

Xornada sobre *Big Data* e Estatística

por M^a José Ginzo

A Xornada sobre *Big Data* e Estatística celebrouse o 19 de xuño de 2015 na Facultade de Informática de A Coruña. O encontro foi organizado conxuntamente pola SGAPEIO, o grupo MODES da UDC e a Rede de Tecnoloxías Cloud e *Big Data* para HPC. A xornada contou cun programa científico formado por 4 sesións plenarias: Amparo Alonso (UDC), Ery Arias (UCSD), Carme Artigas (Synergic Partners) e Daniel Peña (UC3M) e un obradoiro de *Big Data*: Análise estatístico de redes con R que impartirá Pedro Galeano (UC3M). Na xornada houbo 145 inscritos, dos cales asistiron á xornada case 100 persoas.

O xoves 18 de xuño de 2015, Daniel Peña, impartiu a charla “Reducción de la dimensión mediante componentes principales dinámicos y modelos factoriales para series temporales” na Consellería de Sanidade. Recordo este día con especial cariño, ía coñecer en persoa a Daniel Peña pero é que ademais Esther López e Isabel del Río fómolos buscar en coche ao aeroporto para traelos a San Lázaro. Foi un momento moi fermoso e emocionante!

2016

II Encontro Galaico-Portugués de Biometría. Santiago, 30 de xuño, 1-2 de xullo

por Soly Santiago



O II Encontro Galaico-Portugués de Biometría, con aplicación ás Ciencias da Saúde, á Ecoloxía e ás Ciencias do Medio Ambiente (BIOAPP2016) foi una iniciativa conxunta da SGAPEIO e da Sociedade Portuguesa de Estatística (SPE), tras os encontros celebrados previamente en Braga e Vila Real. O obxectivo do BIOAPP2016, que tivo lugar do 30 de xuño ao 2 de xullo de 2016 en Santiago de Compostela, era difundir os últimos avances no desenvolvemento e aplicación de métodos estatísticos e matemáticos nas Ciencias da Vida. O programa do Encontro incluíu 4 sesións plenarias, 4 sesións invitadas, unha mesa redonda, e sesións de comunicacións orais e pósters, ademais dun minicurso sobre análise de supervivencia.

2017

XIII Congreso SGAPEIO Ferrol, 26-28 de outubro

por Salvador Naya

Como cada ano impar, neste 2017 teremos a ocasión de volver a atoparnos nun novo congreso da SGAPEIO. Os congresos da Sociedade son a actividade que permite reencontrarnos e falar non so da actividade científica senón, e non menos importante, doutros aspectos da vida máis aló do propiamente académico. Nesta ocasión abordarase a relación coa industria no contexto da Industria 4.0 con distintas conferencias e mesa redonda. Tamén se tratará, mediante dous cursos, a actualización didáctica e metodolóxica. Así, propónse un curso de actualización en estatística no contexto da LOMCE que se completa con outro curso de ferramentas informáticas. Agardamos vernos en Ferrol.



Asemblea 25 aniversario

por Paula Raña

O día 11 de febreiro celebrouse na facultade de Matemáticas a Asemblea Xeral da Sociedade correspondente ao ano 2016, aproveitando a ocasión para conmemorar o 25 aniversario da SGAPEIO. Contou coa colaboración dos presidentes da sociedade, que fixeron un repaso polo pasado e o futuro da estatística en Galicia nunha mesa redonda, e cunha conferencia impartida por Ricardo Cao sobre o tema de máis actualidade na estatística: o *Big Data*. O encontro rematou cunha comida de confraternidade.



Asembleas Xerais da SGAPEIO

por Soly Santiago, José M^a Alonso e Luis Ramil

O órgano máximo de decisión da SGAPEIO é a Asemblea Xeral, formada por tódolos socios, que se celebra unha vez cada ano e toma as súas decisións por maioría simple dos membros presentes sobre os temas incluídos na súa convocatoria. A primeira Asemblea Xeral da Sociedade celebrouse o 27 de marzo de 1993 na Facultade de Matemáticas da USC. Dende entón, a Asemblea Xeral dos anos impares dende 1993 fíxose coincidir co Congreso bianual da SGAPEIO. Nos anos pares, a Asemblea celebrouse en distintas cidades de Galicia xunto con algunha actividade divulgativa.

Asemblea Xeral de 1994

Data e lugar: 26 de novembro de 1994 na Facultade de Matemáticas da USC, Santiago.

Conferencia: “Estado actual da Economía en Galicia”. José Antonio Orza, Conselleiro de Economía da Xunta de Galicia.

Asemblea Xeral de 1996

Data e lugar: 23 de novembro de 1996 na Escola Universitaria de Enxeñería Técnica Forestal de Pontevedra.

Conferencia: “Modelización de las series de tiempo diarias”. Antoni Espasa, Universidad Carlos III de Madrid.

Asemblea Xeral de 1998

Data e lugar: 21 de novembro de 1998 na Facultade de Económicas da Universidade da Coruña.

Conferencia: “Capital público, eficiencia produtiva e converxencia nas rexións españolas”. Ezequiel Uriel, Universidad de Valencia.

Asemblea Xeral de 2000

Data e lugar: 18 de novembro de 2000 na Aula de Cultura Caixa Galicia, en Santiago de Compostela.

Actividade: Presentación dos traballos gañadores do I Premio SGAPEIO á Innovación Pedagóxica en centros de Educación Secundaria.

Asemblea Xeral de 2002

Comemoración do 10º aniversario da SGAPEIO.

Data e lugar: 19 de outubro de 2002 na Facultade de Medicina da USC, Santiago.

Actividade: Presentación do traballo ganador do II Premio SGAPEIO á Innovación Pedagóxica en centros de Educación Secundaria.

Asemblea Xeral de 2004

Data e lugar: 11 de decembro de 2004 na Facultade de Matemáticas da USC, Santiago.

Actividade: Presentación do traballo ganador do III Premio SGAPEIO á Innovación Pedagóxica en centros de Educación Secundaria.

Asemblea Xeral de 2006

Data e lugar: 16 de decembro de 2006 na Escola Universitaria de Estudos Empresariais da Universidade de Vigo.

Actividade: Presentación do traballo ganador do IV Premio SGAPEIO á Innovación Pedagóxica en centros de Educación Secundaria.

Asemblea Xeral de 2008

Data e lugar: 13 de decembro de 2008 no Edificio Liceo de Betanzos.

Actividade: Presentación do portal educativo do Instituto Galego de Estatística (IGE). Esther López Vizcaino, IGE.

Asemblea Xeral de 2010

Data e lugar: 22 de xaneiro de 2011 na Facultade de Medicina da USC, Santiago. Celebrada coincidindo coa 1ª Reunión Xeral da Rede Biostatnet.

Conferencia: “The Biostatistics Scientist in a High-Profile Academic Environment”, Geert Molenberghs, Interuniversity Institute for Biostatistics and Statistical Bioinformatics (I BioStat) Universiteit Hasselt & Katholieke Universiteit Leuven.

Asemblea Xeral de 2012

Celebración da apertura do Ano Internacional da Estatística.

Data e lugar: 16 de febreiro de 2013 na Facultade de Matemáticas da USC, Santiago.

Conferencia: “Ata onde as finanzas se poden contar”. Silvia Barco Tato, Banco Galego.

Asemblea Xeral de 2014

Data e lugar: 29 de xaneiro de 2015 na Facultade de Matemáticas da USC, Santiago.

Conferencias: “Solucións estatísticas para retos actuais en enxeñería e ciencia de materiais”. Javier Tarrío, Universidade da Coruña. “Votando secuencialmente”. Julio González, Universidade de Santiago de Compostela.

Asemblea Xeral de 2016

Comemoración do 25 aniversario da SGAPEIO.

Data e lugar: 11 de febreiro de 2017 na Facultade de Matemáticas da USC, Santiago.

Conferencia: “O papel da estatística na era dos Big Data”. Ricardo Cao Abad, Universidade da Coruña.

Mesa redonda: “O pasado e o futuro da estatística en Galicia e na nosa contorna”. Ignacio García Jurado, Universidade da Coruña. Manuel Presedo Quindimil, Universidade da Coruña. José Antonio Vilar Fernández, Universidade da Coruña. Antonio Vaamonde Liste, Universidade de Vigo. Esther López Vizcaino, Instituto Galego de Estatística.

Imaxe corporativa

Creación do primeiro logo

por Manuel Presedo



En 1994, recentemente elixido o primeiro Consello Executivo da SGapeio, o devandito Consello acordou constituír unha comisión formada por José Manuel Colmenero Álvarez, José Manuel Prada Sánchez e Manuel Antonio Presedo Quindimil, co encargo de propoñer un deseño do que sería a imaxe corporativa da nova Sociedade.

Dita imaxe debería incluír un logotipo, un código de estilo (cores corporativas e tipoloxía de texto, entre outros aspectos) e tamén o nome que nos identificaría en diante.

Para poder abordar un reto tan difícil, tendo en conta a nosa nula experiencia neste tipo de problemas, contactamos cunha empresa de A Coruña (TORNEI ASOCIADOS) especializada no deseño da imaxe corporativa de empresas e institucións, que realizou un pequeno estudo de mercado a partir do cal nos presentou a proposta que aceptamos e que hoxe constitúe a imaxe corporativa da Sociedade:

En primeiro lugar, suxeríronnos manter o nome de Sociedade Galega para a Promoción da Estatística e Investigación de Operacións que viñamos utilizando, modificando a abreviación SGPEIO por SGapeio, unhas siglas máis fáciles de pronunciar e que tiñan unha sonoridade moi galega, o cal consideramos moi razoable e resolvía as nosas dúbidas iniciais acerca de cal debería ser o nome da Sociedade.

En canto ás cores corporativas, dicir que, aos membros da comisión, parecéronnos apropiados. Aínda que non teñan nada que ver co usual azul de Galicia, pensamos que “quedaban ben” e que tampouco se trataba de vestirnolos sempre das cores institucionais galegas.

O que máis nos sorprendeu foi o logotipo #SGapeio, que incorporaba o símbolo # que nunca se nos ocorrera propoñer. A empresa argumentou que era un símbolo

que suxería cifras, algo co que a xente en xeral asociaba a Estatística e as Matemáticas e que era algo orixinal. A verdade é que estabamos moi confundidos, un símbolo practicamente en desuso no mundo das Matemáticas (aínda que utilizado desde hai séculos na notación musical como o “sostido” que eleva un semitono a entoación dunha nota, e a chamada “almohadilla” dos teclados dos móbiles que empezaban a popularizarse entre a xente). Que facer?

Finalmente decidimos arriscar e, co acordo do Consello Executivo, adoptamos esta proposta que segue a ser a imaxe corporativa da Sociedade. Vinte e cinco anos despois, quen nos ía dicir que, cada día, millóns de persoas no mundo ían utilizar o sorprendente símbolo do logotipo da SGapeio como carácter inicial do famoso *hashtag* de *Twitter*?

Presentación da nova imaxe

por Paula Raña

Coincidindo coa celebración do 25 aniversario da SGapeio, lévase a cabo unha renovación do noso logotipo e da imaxe corporativa xeral da sociedade.

Neste 2017 actualízase o logo da SGapeio, mantendo unha liña de continuidade co primeiro deseño. O novo logo realizouno Mabel Aguayo, seguindo as directrices marcadas dende a sociedade: manter o nome da SGapeio, seguir coas mesmas tonalidades e empregar o símbolo # co que xa todos identificamos a noxa imaxe.

Con estas indicacións pretendíamos obter un logo renovado, cunha calidade e resolución que permitise o seu uso cotián nos medios dixitais, que facilitase a súa lectura, que fose doado de combinar en diferentes formatos e con diferentes cores e que, á vez, tivese un toque de actualidade.


Aproveitando este repaso pola historia da sociedade, preséntase ante todos os socios e socias o novo logotipo da SGapeio. Esperamos que sexa do voso agrado!




Os números da SGAPEIO

por M^a José Ginzo

Concurso
Incubadora de Sondaxes
e Experimentos
VII Edicións



7	189
16	46




INFORMEST



46 números

CONGRESOS



Consellos executivos

1993–1997

Presidente

Ignacio García Jurado

Vicepresidente de Estatística

Ricardo Cao Abad

Vicepresidente de Investigación Operativa

Luis Coladas Uría

Secretario Xeral

Manuel Presedo Quindimil

Vogais

Ignacio Casal Lino

José Manuel Colmenero Álvarez

Wenceslao González Manteiga

José Vicente Novegil Souto

José Manuel Prada Sánchez

Justo Rama Varela

1997–2001

Presidente

Manuel Presedo Quindimil

Vicepresidente de Estatística

Wenceslao González Manteiga

Vicepresidente de Investigación Operativa

Gloria Fiestras Janeiro

Secretario Xeral

José María Alonso Meijide

Vogais

Ignacio Casal Lino

Ricardo Cao Abad

José Manuel Colmenero Álvarez

Manuel Febrero Bande

Salvador Méndez Naya

José Vicente Novegil Souto

2001–2005

Presidenta

Carmen M^a Cadarso Suárez

Vicepresidente de Estatística

Salvador Naya Fernández

Vicepresidente de Investigación Operativa

José María Alonso Meijide

Secretario Xeral

José Antonio Vilar Fernández

Vogais

José Ramón Cancelo de la Torre

José Ramón Fernández Bernárdez

Carlos Iglesias Patiño

José Manuel Prada Sánchez

Miguel Ángel Rodríguez-Gigirey Pérez

Jacobo de Uña Álvarez

2005–2009

Presidente

Antonio Vaamonde Liste

Vicepresidente de Estatística

Salvador Naya Fernández

Vicepresidente de Investigación Operativa

Luisa Carpenté Rodríguez

Secretario Xeral

María José Lombardía Cortiña

Vogais

José M^a Alonso Meijide

Germán Aneiros Pérez

Mario Francisco Fernández

Belén M^a Fernández de Castro

María del Carmen Iglesias Pérez

María Amalia Jácome Pumar

2009–2013

Presidente

Antonio Vaamonde Liste

Vicepresidente de Estatística

Pedro Faraldo Roca

Vicepresidente de Investigación Operativa

Silvia M^a Lorenzo Freire

Secretario Xeral

Balbina Virginia Casas Méndez

Vogais

Tomás Cotos Yáñez

M^a del Carmen Iglesias Pérez

M^a Amalia Jácome Pumar

M^a José Lombardía Cortiña

M^a Esther López Vizcaíno

Soly Santiago Pérez

2013–2017

Presidente

M^a Esther López Vizcaíno

Vicepresidente de Estatística

Tomás Cotos Yáñez

Vicepresidente de Investigación Operativa

Silvia M^a Lorenzo Freire

Secretario Xeral

Balbina Virginia Casas Méndez

Vogais

María Jesús Casado Barrio

M^a José Ginzo Villamayor

Paula Raña Míguez

Javier Roca Pardiñas

Soly Santiago Pérez

Rebeca Villaverde López

Agradecementos

Grazas a todos os socios e socias por facer que a SGAPEIO siga 25 anos despois da súa constitución!

Socios individuais

Adela Aitana **Alberto** Alejandro Alfredo Amalia Ana Ana Belén Ana María Andrea Andrés Angela María Angeles **Antonio** Arís Augusto M. Aurelio Indalecio Aurora Balbina Virginia Beatriz Begoña Belén María Benjamín Cándido **Carlos** Carlos Filiberto Carlos Luis **Carmen** Carmen María César Andrés Claudio Covadonga Daniel David Déborah Delfina Delia Diego Dolores Eduardo Elena Elisa María Emma Esther Fátima Félix Ramón Fernando Fiz Francisco Francisco José Francisco Manuel Gabriel Gael Germán Gonzalo Guido Ignacio Iago Xabier **Ignacio** Irene Isabel Isabel María Ismael Jacobo Jacobo José Javier Jesús **Jorge** José José Alberto **José Antonio** José Carlos José Ignacio **José Manuel** **José María** **José Ramón** José Vicente Josefina Juan Aurelio Juan Carlos Juan Gabriel Juan José Juan Manuel Julia Julián Julio Justo Laura Leticia Luís Luís Alberto Manuel Manuel Alfredo Manuel Angel Manuel Antonio Manuel Francisco Manuela Mar **María** María Amalia **María Angeles** María Antonia María Aurora María Carmen María Celia María Cristina María de las Nieves María de los Angeles **María del Carmen** María del Pilar María del Rosario María Dolores María Estela María Esther María Flora María Gabriela María Gloria María Graciela María Inmaculada **María Isabel** **María Jesús** María Jesusa **María José** María Luisa María Mercedes María Natividad María Nieves María Pilar María Soledad María Teresa Mario Melisa **Mercedes** Miguel Miguel Angel Mónica Mónica Marta Montserrat Natalia Nieves Noa Nuno Miguel Paloma Patricia Patricio **Paula** Pedro **Pilar** Purificación Raquel Raúl Rebeca Ricardo Roberto **Rosa** Rosa María Rubén Salvador Sara Severino Silvia Soly Sonia Susana María Teresa Tomás Tomás Raimundo Tomás Ramón Victoria Wenceslao Xosé Luis Yolanda

Socios institucionais

Departamento de Estatística, Análise Matemática e Optimización da USC.
 Departamento de Matemáticas da Universidade da Coruña.
 Departamento de Métodos Cuantitativos para a Economía e a Empresa da USC.
 Instituto Galego de Estatística (IGE).
 Universidade de Vigo.
 Departamento de Economía Aplicada II da Universidade da Coruña.
 Facultade de Matemáticas da Universidade de Santiago de Compostela.

